

LISBOA Á GALEGA

UN FRETE DA GRAÇA Á TRINDADE



© JUAN LÓPEZ BEDOYA / JOSÉ RAMÓN PÉREZ SALGADO.
Edita: Proiecto EMEXESPO PID 2021-123476-NB-100 / Cátedra UNESCO 226 sobre migracións (USC)

A emigración de galegos a Portugal, cunha tradición plurisecular, experimentou unha expansión sen precedentes desde a década de 1720, tendo como destinos principais as vilas e cidades do litoral norte e, sobre todo, Lisboa, onde residía a colonia galega máis numerosa. Para interpretar o seu legado propónse este percorrido (5 km) que se detén nalgúns lugares clave do fenómeno migratorio dos últimos dous séculos. Múltiples eran as condicións humanas, socioeconómicas, laborais e políticas. Primeiramente serventes, logo aguadeiros, mozos de corda, carboeiros e hostaleiros, fóronse adaptando ás necesidades comerciais da cidade, creando empresas de transporte, de bebidas ou carburantes, facendo progresar as casas de iscas e tabernas en cafés e restaurantes e converténdose de camareiros en xerentes e propietarios. Inicialmente agrupados en patios e becos, como serventes en palacetes ou residindo nas propias "lojas", abordaron o século XX integrándose social e laboralmente na vida lisboeta e espallándose por toda a urbe.

ALGÚNS PERSOEROS DESTACADOS

Manuel Moreira García (Covelo-A Lama, 1810-1850) (1876)



A familia García Moreira mudou o aspecto dos barrios da Trindade e O Carmo no segundo terzo do século XIX, transformando o antigo convento cunha nova arquitectura. Fíxose con numerosos inmobles, algúns monumentos artísticos, e base de negocios e vivendas de galegos. Manuel tamén foi o fundador da primeira cervejaria de Portugal: "Cervejaria Trindade" (1836).

Agapito Serra Fernandes (Barça de Mera-O Covelo, 1863-Leiria, 1939)

Notable empresario galego de negocios de hostalaría e alimentación. Transformou o barrio da Graça coa promoción da barriada Estrella d'Ouro e fundou o Royal Cinema, primeiro en emitir cine sonoro en Portugal. Foi socio da compañía de ascensores da cidade. Tivo famosos restaurantes na Rúa da Graça 24, no Largo da Sé 4 e na Praia (Baixa, 285-291).



Manuel Cordo Boullosa (Lisboa; 1905; Cascais, 2000)

Orixinario de Caritel (Ponte Cadelas), seu pai, Manuel Cordo Martínez, comerciaba co carbón en barco polo Tejo. Empresario dos sectores da banca, agricultura, comercio, turismo e mundo editorial, converteuse no magnate do petróleo en Portugal e as colonias africanas, creando SONAP, logo GALP. Chegou a posuír a quinta fortuna do mundo e mercou, en 1989, para a Xuventude de Galicia a sé do Campo de Santa Ana.

Apollinar Contreras Piñeiro (Gaxate-A Lama, 1876- Estoril, 1967)

Nado e enterrado en Gaxate (A Lama), foi un polifacético empresario que tocou os ramos dos combustibles, o tabaco (Rossio) e a automoción (Peugeot e Reo; Av. da Liberdade 119 e 165), actividade que foi para a súa propia pasión. A súa casa de Pinheiro Chagas con Filipe Folque é referente arquitectónico do arquitecto Norte Junio.



O Noticias Ilustrado, nº39, 1927

AGUADEIROS NOS CHAFARICES: CONFIDENCIAS E INCENDIOS

Se un oficio retrata aos galegos en Lisboa é o de aguadeiro. Dende fins do século XVII e ata tempo despois do establecemento do acueduto de Augas Libres e os sistemas de conducións modernos, o aguadeiro levaba o líquido elemento ata os fogares, actuaba como mensaxeiro, axudaba na extinción de lumes, ou exercía de forçado nas corridas taurinas. Tan importante se fixo na cidade que quedou reflectido no imaxinario e as tiras satíricas de Bordallo Pinheiro. Os aguadeiros vivían espallados por toda a cidade, nos arredores dos chafarices e as bicas, en vivendas humildes, moitas veces compartindo con outros da profesión ou doutras profesións humildes. Os chafarices tiñan un número e os aguadeiros estaban divididos en compañías, tendo cada membro unha numeración adscrita a unha chapa que formaba parte da indumentaria. Como exemplo de rexistro: André Gonçalves, natural de Galicia, Aguadeiro do Chafariz nº 13, 4ª Compañía, nº 2. En 1821, os chafarices de O Rei (352 aguadeiros), Carmo 278), Alegria (252), Loreto (239), Dentro (229), Praia (212), Formosa (205), Sao Pedro de Alcantara (200) e Campo de Santa Anna (200) eran os máis importantes, sendo notable a proporción de galegos.

NA CIENCIA E A CULTURA

A medida que a gran colonia galega se asenta na cidade, labora e se integra, vai acadando todos os eidos da sociedade, nutrido xa no século XIX os círculos científicos e culturais. No ámbito médico, a familia Barral e os dentistas Dominguez e Fortes, na literatura Alfredo Guisado, xornalistas como Ramiro Villar Carrera (1887-1967, As Neves), artistas como o pintor Velloso Salgado (1864-1945, Melón), o pianista e profesor Varela Cid (1898-1987, orixe ourensá), a cantante lírica Dorinda Rodríguez e a actriz Manuela Rey, son representantes xenuinos dunha importante galeguedade que enriqueceu a vida da cidade.

Filios dun "baileiro" galego do Largo do Carmo, os Barral foron farmacéuticos, enfermeiros, médicos e prestixiosos profesores da Escola Médica. Crearon unha das farmacias máis importantes e antigas do país (1835), con laboratorio químico (Áurea, 126). Segue aberta (Augusta, 225).

Alfredo Pedro Guisado (1891-1975), chamado o "poeta do Orpheus", foi tamén deputado e xornalista, colaborando en notables publicacións galegas pero sobre todo portuguesas. Foi fillo de Antonio Venancio Guisado (Pias, Ponteareas), propietario do restaurante e hotel Irmãos Unidos, mecenas e impulsor de negocios inmobiliarios, de ocio e de restauración.

No ecuador do século XIX, a primeira e segunda actriz do Teatro Real Dona Maria II, postos que só podían ser designados polo Rei, eran galegas: Josefa Soller de Assis (1820-1864) e Manuela Rey Chao (1843-1866), nada en Mondoñedo. Ademais, tiveron súa a ourensá de Sarreaus Dorinda Rodríguez (1862-1955), que rematou na aristocrática lisboeta ao casar co V Conde de Mesquita e Palmira Bastos (1875-1967), de nai compostelana.



Alfredo Pedro Guisado en O Noticias Ilustrado, nº39, 1927



Dorinda Rodríguez (a Saeta, li-Te-portuguesa)

Manuela Rey Chao (Galicia Doural, 2023)



MOÇOS DE FRETES: A CIDADE ÁS COSTAS



Vido Gallega li-Te 26 1910

Unha das ocupacións máis antigas e abundante dos galegos en Lisboa era a dos moços de fretes. Vistos como xente pacífica, traballadora e honrada, vivían en patios, becos e rúas dos arrabaldes. Distribuíanse por toda a cidade, dominando a paisaxe de certas rúas e zonas comerciais como a Figueira, o Terreiro do Paço, o Rossio, a Graça ou Alcântara. Realizaban calquera tipo de mudanza a "pau e corda", agardando nas esquinas e dominando as encrucilladas, ollo avizor por se algún requería os seus servizos. No século XX evolucionaron creando empresas de transporte.



O Noticias Ilustrado, nº39, 1927

CARBÓN E VIÑO: COMBUSTIBLE PARA A CIDADE

O comercio do carbón era vital para o funcionamento da cidade, e na súa distribución e venda se foron ocupando os galegos. Ademais do reparto polos domicilios, as carvoarias eran negocios mixtos que compartían espazo en moitos casos coa venda de alimentos e bebidas, tanto minoristas como ao por maior. Algúns galegos enriquecéronse notablemente con estes negocios, como os irmáns Laga Cal, ou especializándose como o Cordo Boullosa e o seu pai.

PAN, ISCAS E GINGINHA, DE CAMAREIROS A PROPIETARIOS



O Noticias Ilustrado, nº39, 1927

Os galegos tiñan como criados un papel fundamental no servizo doméstico, mesmo da aristocracia, e na alimentación dos lisboetas. Xa a mediados do XIX son numerosos os padeiros e cocifeiros. A hostalaría converteuse nun sector chave para os eles, pasando en moitos casos de camareiros a fins do XIX, a xerentes no cambio de século e propietarios nas décadas seguintes. Dende as antigas casas de iscas e comidas moitos foron os cafés e restaurantes que estableceron, preto dos cais, nas prazas e en traxectos estratéxicos que seguían os traballadores. Algúns cafés como o Martiño, Bom, Suízo, Grande d'Italia ou Tavares constituíronse en referente para a cultura e a sociedade lisboeta. Dos restaurantes, que se espallaron por toda a cidade, pola Baixa, Alfama, Cais, Portas de Santo Antão ou Trindade, algúns permanecen abertos e acadaron unha fama que aínda resiste: Cesteiro, Gambrinus, Estrella d'Ouro, João do Prado, Marinho, etc. O gremio dos padeiros tivo moita importancia, chegando a provocar unha folga en 1894 que reuniu a uns 3000-4000 traballadores na Serra de Monsanto. Como consecuencia, case 300 padeiros galegos foron expulsados no vapor Africa. O sector das bebidas tamén estivo en parte en mans de galegos. Ademais da distribución de viño e as cervexarias, crearon destilerías e puxeron de moda a Ginjinha, valorada tamén en Galicia co nome de licor de guinda.

9. Portas de Santo Antão

Esta zona comercial e hoteleira acolheu numerosos e variados negócios de galegos, influencia que se fixo moi evidente a inicios do século XX. Restaurantes, venda de bebidas e carbón, de alimentación, tabacarias e combustíveis, distribuíanse por esta rúa, a do Jardim do Regedor, a Travessa do Forno e o Largo do Regedor, ofrecendo a famosa ginginha, cos emblemas Lourenço Cima e Espinehira.

10. Carmo; Calçada e Rua dos Galegos

Foron moitas as familias galegas residentes nestas rúas ao longo dos últimos séculos, facéndose con numerosos inmobles ao abeiro da saga dos Moreira Garcia. A gran colonia galega levou a substituír no XIX os odónimos da rúa e calçada do Duque. Moitos aguadeiros vivían nas rúas próximas aos chafarices de Loreto e Carmo.

12. Trindade

Este barrio foi anovado por Manuel Moreira Garcia dende a década de 1830. Mercu e transformou o convento da Santíssima Trindade e dou forma á Casa do Ferreira das Tabuletas, a Cervejaria Trindade e o Palácio da Trindade, todos monumentos clasificados.

11. Ilha dos Galegos

O chafariz do Loreto ou de Neptuno estaba diariamente atestado de aguadeiros galegos, de aí o sobre-nome. Hoxe desaparecido (1859), era monumental e contaba con catro bicas. En 1821, traballaban máis de 232 aguadeiros, dos que a metade serían galegos.

17. Guantería Española (Áurea 256)

- 18 Tabacaria Rossio (Áurea, 295) e Hotel Universo (Nova do Carmo 102)
- 19 Hotel Francfort e Restaurante e Hotel Irmãos Unidos (Rossio 113)
- 20 Camisaria Moderna (Rossio 110)
- 21 Tabacaria Lusitanoa (Rossio 108)
- 22 Hotel Continental (Rossio 95)
- 23 Teatro Nacional Dona Maria II (Josefa Solter e Manuela Rey)
- 24 A Ginjinha (Espineira) (Largo de São Domingos, 8)

- 25 Ginja Sem Rival (J. Manuel L. Cima) (Santo Antão, 7)
- 26 Rua Portas de Santo Antão: Restaurante Magina (9), Tabacaria Sanes (4), Restaurante Gambrinus (25), Dentistas Ignacio Fortes (35) e Miranda & Fortes (37), Cervejaria Inglesa (42), Tabacaria Monumental (65), Combustíveis e Bebidas Juan Otero Atrio (67), Casa de Iscas do Romão (115), Azeites Penzoi (112).
- 27 Antiga Casa Caldo Verde (Jardim do Regedor, 27)
- 28 A Casa dos Mariscos, Café Avenida, Pensão Imperial (Edifício esquina entre Jardim do Regedor e Restauradores)
- 29 Enxeñeria Durán & Garcia / Café Martinho (Praça João da Camara, 13/baixo)
- 30 Café e Tabacaria Suizo (1º Dezembro 110-116)
- 31 Hotel Americano (1º Dezembro, 73) e Grande Café d'Italia (esquina con Calç. do Carmo)
- 32 Chafariz do Carmo
- 33 Chaf. do Loreto
- 34 Café Tavares (Misericórdia, 37)
- 35 Propiedades Moreira Garcia: Nova da Trindade (36-60), Bordalho Piñeiro (28-34), L. do Carmo (9), L. da Trindade (10-18), Condessa (62-72), Duque (59-61)

- 1 Royal Cinema (Graça, 100)
- 2 Restaurante Estrela d'Ouro (Graça, 22-24)
- 3 Barriada Estrela d'Ouro
- 4 Vivenda Serra (Senhora do Monte, 26)
- 5 Villa Maria (Sao Gens, 26)
- 6 Ângulo do Largo do Terreirinho (vivendas e lojas ocupadas por galegos a inicios do XX)
- 7 En 1900 os tres irmáns Martins Ferreira, serventes, moraban no 21 do Beco do Jardim
- 8 Inícios XX, Rúa João de Outeiro, numerosos galegos nos números 14, 19, 20, 21, 28, 32
- 9 En 1910 os 4 irmáns Fernández Pereira, serventes comerciais, moran no Capelao 21 (L. Severa 1)
- 10 Fábrica de Camisaria de J.R. Rodríguez (esquina São Lázaro con Serrano)
- 11 As familias galegas Ucha, Castro e Tilve, sobre todo comerciantes, encheron o 29 da Calçada de Garcia (s. XX)
- 12 Ao tempo, as familias Diaz, Rodríguez e González, como criados e serventes, encheron o 6 da mesma rúa
- 13 Restaurante Táboas de Manuel Outeiro e Domingo Alfaya (Barros Queiros, 41)
- 14 Xoieria Velloso Feyjoo (Betesga 51-55, Prata 299-301)
- 15 Restaurantes Cesteiro, Mariño e Gargamalo (Correiros 201, 215, 223)
- 16 Farmacia Barral (Augusta, 225)

© JUAN LÓPEZ BEDOYA; JOSÉ RAMÓN PÉREZ SALGADO

Edita: [Proxecto ENIMEXPO PID 2021-123476NB-100 / Catedra UNESCO 226 sobre migracións \(USC\)](#)

Parcoidado: 5 km

6. Rua de São Lázaro e Hospital Real de São José
São José, ademais de hospital de referencia para os galegos, era lugar de traballo directo e indirecto para eles, atraendo como cerne residencial (s. XIX e XX). Na rúa de São Lázaro, a Travessa do Hospital e mesmo a propia Porta do Carro as vivendas estaban cheas de galegos, morando nas *lojas, antelojas* e distintos andares.

5. Rúas Mouraria-Cabaleiros-Benfornoso

Entre 1901 e 1910, os galegos ocupaban, cando menos e incluíndo varias lojas, os números 18, 20, 63, 77, 84, 86, 91, 104 e 119 de Cabaleiros; 5 e 7 do seu Beco; 34, 53, 54, 74, 75 e 77 de Benfornoso; e 6, 19, 21, 38, 45, 59, 90, 98 da rúa da Mouraria.

1. Estrela d'Ouro

Agapito Serra Fernández transformou este barrio urbanisticamente a inicios do século XX, construíndo 127 vivendas para os obreiros das súas empresas. O conxunto Estrela d'Ouro, nome do restaurante, co que se deu a coñecer como empresario, o cine Royal, primeiro en proxectar filmes sonoros en Portugal, as rúas Josefa Maria, Virginia e Rosalina, dedicadas á súa familia ou a Villa Maria.

2. Miradouro Nossa Senhora do Monte

Capela e terreiros foron adquiridos por Agapito para transformar aqueles predios que a mediados do século XIX constituían a cerca da Igrexa de Nossa Senhora do Monte, no límite nordés da cidade. Dende este mirador é posible visualizar as diferentes zonas de Lisboa á Galega.

3. Alta Mouraria

Na primeira década do século XX, rúas como João do Outeiro, Capelao (Severa), Cabaleiros e Ameoendeira e becos coma o do Jardim acollían a moitos galegos de traballos pouco especializados pero que evolucionaban ante as necesidades modernas da cidade, enchendo as casas nos diferentes andares.

4. Baixa Mouraria-Socorro

A transformación urbanística na contorna da Praça de Martim Moniz, entre a Mouraria e o Socorro a mediados do século XX demoleu rúas e largos nos que moraban moitas familias galegas dende tempo atrás. Silva de Albuquerque, Alamos, Palma, Travessa do Arco da Graça, largo e rúa do Socorro forman parte dunha paisaxe desaparecida de comercios e vivendas.

7. Praça da Figueira, Rossio e Betesga

Galinheiras, Bestesga e Amparo acolleron a moitos galegos ao abeiro do gran mercado lisboeta, facendo de serventes, moços de corda, cocheiros e comerciantes. Algúns establecementos de alimentación, xoiería ou restauración se converteron en referencia da cidade. O Rossio tamén foi lugar chave con hoteis, restaurantes, tabacarias e comercios téxtiles.

8. Baixa

Dende o XVIII convértese en área de expansión profesional e comercial dos galegos, espallados por todo o plano daimero. Diversidade de empregos e negocios, con establecementos icónicos de restauración (Cesteiro, Joao da Praça, Mariño, Unión), téxtil (Guantería Española), farmacia (Barral e Áurea) e combustibles e bebidas (Lage Cal).

Ortofoto Portugal Continental 2018. Dirección-Geral do Território